


Matthias Bruhn, Ralf Kukula, 2019

ESTREA EN NUMAX: 13.07.2022 | V.E. | +8

Alemaña do Leste, 1989. o muro que divide o país en dúas metades está a piques de derrubarse. Fritzi, de doce anos, coída de Sputnik, o canciño da súa mellor amiga Sophie, mentres ela está de vacacións coa súa familia en Hungría. Pero chega o outono e comeza o colexio e Sophie non regresa. Fritzi e Sputnik inician unha aventura para atopala. Os seus pasos lévanlles a descubrir as manifestacións que se repiten en Leipzig e a entender o que está a pasar no seu país. Un filme emocionante, impregnado da atmosfera da época e historicamente preciso que retrata a caída do muro desde a perspectiva dunha nena.



Entrevista con Ralf Kukula & Matthias Bruhn: “A “imperfección” do estilo 2D engádelle unha calidez emocional ao noso filme”

Por Vassilis Kroustallis

Considerades que é máis seguro explorar temas políticos se se trata dunha historia infantil? Que vos motivou a comprometeros con esta vella historia?

MB: Contamos a historia enteira dende o punto de vista de Fritzi, unha nena de 12 anos. Ao comezo ela é bastante inxenua e non sabe nada de política. Só quere devolverlle o can Sputnik á súa mellor amiga Sophie, que fuxiu coa súa nai a Alemaña do Oeste. Pero canto máis sabe Fritzi sobre a situación política do seu país, máis desenvolve o seu punto de vista, a súa posición. Incluso chega a enfrontarse á súa profesora, representante do “vello” sistema.

E si, hai un toque universal nos acontecementos históricos do 1989. Se queres, podes ver paralelismos co movemento “Venres polo futuro” de hoxe en día por exemplo, a min paréceme ben. Despois dunha proxección en Ámsterdam, unha señora de Hong Kong díxome que estaba profundamente conmovida polos paralelismos evidentes co que estaba pasando nas rúas de Hong Kong naquel momento.

Fritzi semella moi forte e atrevida, pero tamén parece necesitar un amigo. Como evoluciona ao longo do filme?

MB: Tes razón, aínda que se vai facendo máis forte ao longo do filme tamén se dá conta de que non pode facer todo ela soa. Atopa un novo amigo, Bela, pero tamén aprende a forza da solidariedade. Os espectadores novos poden identificarse absolutamente con Fritzi, sempre están á súa altura. A pesar dos acontecementos históricos, esta é tamén unha historia de aventuras. Para min é moi importante que os espectadores conecten coa nosa historia e os personaxes, tanto as crianzas como as persoas adultas.

Queríades representar a época do 1988 ao usar a animación en 2D?

MB: O estilo 2D encaixaba perfectamente co tema do filme. E tes razón, é tamén unha especie de referencia nostálgica das vellas películas en 2D dos oitenta. Pero se te fixas ben notarás que fixemos un filme en 2D coa última tecnoloxía dixital. Os coches son obxectos 3D, algunhas das escenas da multitude están xeradas con ordenador e na composición engadimos centos de efectos dixitais para que o aspecto de finais fose o máis perfecto posible. Pero aínda que usamos lapis dixital e cores, a animación dos personaxes e dos fondos é 100% a man. Ao contrario de moitos filmes perfectos con CGI, a “imperfección” do estilo 2D engádelle unha calidez emocional ao noso.

Como foi a vosa propia experiencia da Caída do Muro de Berlín?

MB: Eu estaba estudando en Düsseldorf, na Alemaña do Oeste naquel momento. Estaba lonxe da acción e só a seguín na televisión. Non tiña familiares nin coñecidos no Este de Alemaña, todo iso estaba lonxe. Aínda así, afectoume moito. Penso que a todo mundo, dunha forma ou outra. Levoume un tempo chegar a entender o que acababa de acontecer aqueles días.

RK: Naquel momento traballaba como animador no estudio de cinema de animación de Alemaña do Leste (DEFA). Vivín o 9 de novembro como se describe no filme. A miña muller mais eu discutimos sobre se o muro estaba aberto ou non. Ao día seguinte achegueime á estación de tren de Dresden como outras miles de persoas. Pero non fun á Alemaña Occidental. Tiven visitantes do Oeste!